

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de coretena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al. (nematodo do piñeiro) e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación.*

O nematodo da madeira do piñeiro, *Bursaphelenchus xylophilus*, é considerada unha das enfermidades de coníferas máis perigosas a nivel mundial. Presenta unha enorme capacidade de dispersión a través da circulación de mercadorías (tanto material vexetal como doutros produtos transportados mediante embalaxes de madeira e do voo natural do seu insecto vector (*Monochamus galloprovincialis*).

Este nematodo ten o status legal de organismo nocivo cuxa introdución e propagación debe prohibirse en todos os Estados membros da Unión Europea, se se presenta en determinados vexetais ou produtos vexetais, tal e como se establece no artigo 3 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e a Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais e produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Antecedentes:

Primeiro. Durante o ano 2010 detectouse por primeira vez a presenza deste organismo na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto no concello das Neves. Como consecuencia deste feito estableceuse un área demarcada e definíronse unha serie de medidas que había aplicar dentro dela para lograr o control e a erradicación da praga. No ano 2016 detectouse un novo positivo no concello de Salvaterra de Miño, próximo á localización daquel do ano 2010, situación que supuxo manter a área demarcada xa establecida das Neves.

Segundo. Desde a data da primeira presenza, desenvólvese en toda a zona demarcada un plan de actuacións encamiñadas á erradicación do nematodo e á vixilancia para detectar a posible aparición de novos focos, tanto na propia zona demarcada como no resto da Comunidade Autónoma.



Terceiro. Durante o ano 2018 executáronse, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia os traballos de prevención do organismo nocivo *Bursaphelenchus xylophilus* en aplicación do Plan de continxencia nacional en aplicación da Decisión comunitaria 2012/535/UE, do 26 de setembro de 2012, e a súas modificacións, relativa ás medidas de emerxencia para evitar a súa propagación na Unión. Como froito das prospeccións realizadas para a detección e mostraxe das árbores sintomáticas dentro da zona demarcada desenvolvidas durante o ano 2018 detectáronse varias mostras con presenza de nematodo. As mostras procederon de sete piñeiros situados nas coordenadas e concellos indicados no anexo I. O resultado das mostras positivas foi analizado polo laboratorio da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, que determinou a presenza de organismos vivos da praga. Posteriormente, o Laboratorio Nacional de Referencia para este tipo de pragas confirmou a súa presenza.

Cuarto. En cumprimento da normativa vixente, a aparición destes novos positivos foi comunicada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Estes novos positivos están situados dentro da actual zona demarcada das Neves.

Quinto. De acordo co artigo 3 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais o produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito ata países terceiros, o nematodo da madeira do piñeiro ten status legal de organismo nocivo cuxa propagación debe prohibirse en todos os Estados membros da UE, se se presenta en determinados vexetais. Este decreto atribúe ás comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, a execución das actividades relativas ás inspeccións en orixe, rexistro de produtores, pasaporte fitosanitario e controis fitosanitarios.

Sexto. O Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, declara de utilidade pública a loita para a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e ordena as medidas para evitar a súa propagación. No seu artigo 16 establece que a detección de novos focos dentro da zona demarcada se declarará mediante resolución da dirección xeral competente e que se aplicarán as medidas establecidas no mencionado decreto.

Neste decreto, o artigo 18.2 establece que as medidas adoptadas serán realizadas polos titulares do aproveitamento nos prazos sinalados pola normativa de aplicación. Se non se adoptan nos ditos prazos, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria.



O artigo 20.1 di que no caso de desistencia do propietario de realizar as tarefas de erradicación, ou ben porque se teñan decretado de utilidade pública os traballos de erradicación, a Administración realizará os traballos silvícolas con medios propios ou mediante contratos con empresas do sector.

Sétimo. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 115 establece que a consellería competente en materia de montes poderá declarar a existencia dunha praga ou enfermidade forestal, así como ditar as medidas e os tratamentos fitosanitarios obrigatorios para o control e a loita contra a praga e delimitar a zona afectada.

O artigo 117.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, titulares ou xestores de montes terán a obriga de:

a) Vixiar e manter en bo estado fitosanitario as masas forestais da súa titularidade ou xestión.

b) Extraer aquelas plantas ou produtos forestais que, pola súa sintomatoloxía, poidan constituír un risco de praga ou enfermidade.

c) Comunicar ao órgano que corresponda da consellería competente en materia de montes toda aparición atípica de organismos nocivos ou de síntomas de enfermidade nas súas masas forestais.

d) Eliminar ou extraer do monte, cando tecnicamente sexa posible, os restos dos tratamentos silvícolas ou dos aproveitamentos forestais que supoñan un risco pola posible aparición de pragas ou enfermidades forestais.

e) Executar ou facilitar a realización das medidas fitosanitarias que a consellería competente en materia de montes determine como consecuencia da declaración de existencia oficial dunha praga ou enfermidade forestal.

Oitavo. Esta resolución é obxecto de publicación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dada a concorrencia tanto dun interese público na materia como dunha pluralidade de interesados.

Polo anterior, cómpre declarar contaminados os focos referenciados e establecer diferentes zonas ao seu redor, nas cales se realizarán as actuacións precisas para a erradica-



ción do nematodo, así como as prospeccións sistemáticas co fin de determinar o alcance da praga e a adopción de todas as medidas fitosanitarias previstas no Decreto 10/2011 e na Decisión 2012/535/UE, actuacións que se realizarán atendendo ás seguintes

Consideracións legais e técnicas:

1. É competente para ditar esta resolución o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias en virtude do disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que determina as competencias desta dirección xeral en materia de protección e control da sanidade vexetal.

2. O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara países terceiros (BOE núm. 19, do 22 de xaneiro) atribúe ás comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, a execución das actividades relativas ás inspeccións en orixe, rexistro de produtores, pasaporte fitosanitario e controis fitosanitarios.

3. O artigo 14 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal (BOE núm. 279, do 21 de novembro) habilita a Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar algunha das medidas fitosanitarias establecidas no artigo 18 da dita lei, o que implica a facultade de desinsectar, desinfectar, inmovilizar, destruír, transformar ou someter a calquera outra medida profiláctica os vexetais e os seus produtos, así como o material con eles relacionado, que sexa ou poida ser vehículo de pragas (artigo 18.b).

A adopción destas medidas implica a entrada nos predios e parcelas dos particulares afectados polo organismo de corentena para a erradicación de todas as especies sensibles, sen prexuízo de que os titulares dos aproveitamentos procedan á execución das medidas previstas nesta resolución, de conformidade co artigo 19 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

No anexo III desta resolución relaciónanse todos os predios que, segundo os datos catastrais, están afectados en todo ou en parte polas medidas encamiñadas á erradicación do citado organismo.



4. O Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a propagación.

5. Cómpre acatar as medidas da Decisión 2012/535/UE da Comisión, do 26 de setembro de 2012, coas súas posteriores modificacións, relativa ás medidas de emerxencia para evitar a propagación na Unión de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al. (nematodo da madeira do piñeiro).

En virtude dos feitos indicados e da lexislación en vigor,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar, con base no establecido no artigo 16 do Decreto 10/2011, a presenza da praga de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* nos puntos referenciados nas coordenadas e concellos do anexo I.

Segundo. Establecer unha zona demarcada por *Bursaphelenchus xylophilus* ao redor das árbores infectadas, cunha vixencia mínima de 4 anos, conforme o establecido no considerando 5 da Decisión 2012/535/UE. Esta zona demarcada inclúe a zona establecida de raio de 20 quilómetros arredor das coordenadas do punto positivo detectado no ano 2010 ata un límite de 20 quilómetros e esténdese ao oeste da provincia de Pontevedra nunha franxa de 20 quilómetros desde a fronteira de Portugal (anexo IV).

Terceiro. Dentro da zona demarcada estableceranse medidas de erradicación conforme o artigo 6 da Decisión de execución 2012/535/UE, destinadas a lograr a erradicación, atendendo a unha zonificación dentro da zona demarcada segundo a proximidade aos positivos detectados. Para a delimitación das distintas zonas de actuacións terase en conta o establecido no anexo I, punto 3, da Decisión 2012/535/UE.

Dentro desta zona demarcada defínese a zona de corta, que afectará unha área de 100 metros de raio arredor de cada unha das árbores positivas onde se realizarán labores de erradicación de todas as especies sensibles, afectadas ou non polo nematodo.

Outorgarase un prazo de 10 días aos titulares das parcelas situadas na zona de corta para comunicar ao Servizo Territorial de Explotacións Agrarias de Pontevedra, mediante a remisión de copia do correspondente permiso especial de corta, que van realizar personalmente as medidas previstas nesta resolución, contado desde a súa publicación. A execu-



ción destas medidas deberá realizarse antes do 1 de abril. No caso de que estas medidas non se adoptasen no dito prazo, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria.

Comezarase coa destrución *in situ* das árbores afectadas e a eliminación das árbores sensibles dentro das zonas de corta co obxectivo da redución do risco de extensión da praga. Así mesmo, farase unha prospección intensiva no perímetro inmediato da árbore afectada na procura de individuos sintomáticos e, de tal xeito, verificarase o alcance do brote.

Cuarto. A corta, movemento e procesamento da madeira procedente das zonas de corta e da zona demarcada deberá cumprir co establecido no anexo I, puntos 7 e 8, e no anexo III da Decisión 2012/535/UE da Comisión, do 26 de setembro de 2012, coas súas posteriores modificacións, relativa ás medidas de emerxencia para evitar a propagación na Unión de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e no Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de coretena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a propagación.

Os propietarios ou administracións implicadas terán a obriga de eliminar todas as árbores sintomáticas, decaídas ou afectadas por incendios forestais ou tormentas na franxa demarcada. O prazo para executar estes labores será de forma inmediata se as árbores con decaemento aparecen do 1 de abril ao 30 de outubro, e ata o día 1 de abril do ano seguinte se aparecen fóra dese período. Se non se elimina no dito prazo, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria mediante medios propios ou mediante contratos con empresas do sector, e os gastos poden repercutir sobre os seus titulares.

Quinto. Na zona demarcada procederase ao cumprimento, respecto dos requisitos para a circulación de vexetais e produtos vexetais orixinados na zona demarcada, das medidas expresamente establecidas no artigo 10, no anexo I, punto 10, e no anexo III da Decisión 2012/535/UE.

Sexto. Na zona demarcada procederase ao cumprimento, respecto das industrias da madeira, do establecido no anexo III, sección 1, puntos 2 e 3, da Decisión 2012/535/UE. Ademais, toda a madeira, produtos de madeira, embalaxes e outros produtos producidos con material sensible deberán levar pasaporte fitosanitario ou o correspondente selo identificativo de ter sido sometidos a tratamento térmico.



Sétimo. A Consellería do Medio Rural, en coordinación co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), elaborará un plan de acción para a erradicación do brote no cal se considerarán todas as medidas necesarias para a súa erradicación co menor prexuízo posible aos intereses económicos dos silvicultores e dos valores ambientais e paisaxísticos.

Oitavo. Os concellos total ou parcialmente incluídos na zona demarcada afectados polas medidas de erradicación son os que se determinan no anexo II que se xunta á presente resolución.

Noveno. Mantéñense en vigor as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 6 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se dá publicidade ao inicio da execución de medidas fitosanitarias para a erradicación do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al. (nematodo da madeira do piñeiro) na zona demarcada das Neves e na franxa tampón de 20 quilómetros coa fronteira con Portugal.

Décimo. O incumprimento da adopción destas medidas sancionárase conforme a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Silvestre José Balseiros Guinarte
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

ANEXO I

**Coordenadas das árbores en que se detectou a presenza
de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al.
(nematodo da madeira do piñeiro)**

Provincia	Concello	Coordenadas X	Coordenadas Y
Pontevedra	Salvaterra de Miño	540750	4664345
Pontevedra	O Porriño	533815	4664805
Pontevedra	O Porriño	533736	4664755
Pontevedra	O Porriño	533759	4664790
Pontevedra	Ponteareas	540166	4662823



Provincia	Concello	Coordenadas X	Coordenadas Y
Pontevedra	Tui	528533	4660716
Pontevedra	O Porriño	532805	4667471

ANEXO II

Concellos total ou parcialmente incluídos na zona demarcada

Arbo, Baiona, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Melón, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Pontearreas, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Redondela, O Rosal, Tomiño, Tui e Vigo.

ANEXO III

Relación de predios afectados segundo datos catastrais

Relación de parcelas:

Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
O Porriño	39	36039A00700240
O Porriño	39	36039A00700242
O Porriño	39	36039A00700243
O Porriño	39	36039A00700244
O Porriño	39	36039A00700245
O Porriño	39	36039A00700246
O Porriño	39	36039A00700247
O Porriño	39	36039A00700249
O Porriño	39	36039A00700250
O Porriño	39	36039A00700251
O Porriño	39	36039A00700252
O Porriño	39	36039A00700253
O Porriño	39	36039A00700254
O Porriño	39	36039A00700255
O Porriño	39	36039A00700256



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
O Porriño	39	36039A00700257
O Porriño	39	36039A00700258
O Porriño	39	36039A00700259
O Porriño	39	36039A00700260
O Porriño	39	36039A00700262
O Porriño	39	36039A00700263
O Porriño	39	36039A00700266
O Porriño	39	36039A00700267
O Porriño	39	36039A00700268
O Porriño	39	36039A00700270
O Porriño	39	36039A00700271
O Porriño	39	36039A00700272
O Porriño	39	36039A00700273
O Porriño	39	36039A00700274
O Porriño	39	36039A00700275
O Porriño	39	36039A00700276
O Porriño	39	36039A00700277
O Porriño	39	36039A00700655
O Porriño	39	36039A00700760
O Porriño	39	36039A00700761
O Porriño	39	36039A00706001
O Porriño	39	36039A02300433
O Porriño	39	36039A02300452
O Porriño	39	36039A02300453
O Porriño	39	36039A02500001
O Porriño	39	36039A02500003
O Porriño	39	36039A02500008
O Porriño	39	36039A02500011
O Porriño	39	36039A02500866
O Porriño	39	36039A02600017
O Porriño	39	36039A02600019
O Porriño	39	36039A02600028
O Porriño	39	36039A02600029



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
O Porriño	39	36039A02600030
O Porriño	39	36039A02600031
O Porriño	39	36039A02600032
O Porriño	39	36039A02600033
O Porriño	39	36039A02600034
O Porriño	39	36039A02600035
O Porriño	39	36039A02600036
O Porriño	39	36039A02600037
O Porriño	39	36039A02600038
O Porriño	39	36039A02600039
O Porriño	39	36039A02600040
O Porriño	39	36039A02600041
O Porriño	39	36039A02600042
O Porriño	39	36039A02600043
O Porriño	39	36039A02600044
O Porriño	39	36039A02600045
O Porriño	39	36039A02600046
O Porriño	39	36039A02600048
O Porriño	39	36039A02600049
O Porriño	39	36039A02600050
O Porriño	39	36039A02600051
O Porriño	39	36039A02600052
O Porriño	39	36039A02600054
O Porriño	39	36039A02600055
O Porriño	39	36039A02600056
O Porriño	39	36039A02600413
O Porriño	39	36039A02600414
O Porriño	39	C1070010000000
O Porriño	39	C1070020000000
O Porriño	39	C1070030000000
O Porriño	39	C1070040000000
O Porriño	39	C1070060000000
Ponteareas	42	36042A00100869



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
Ponteareas	42	36042A00100870
Ponteareas	42	36042A00100871
Ponteareas	42	36042A00100872
Ponteareas	42	36042A00100873
Ponteareas	42	36042A00100874
Ponteareas	42	36042A00100875
Ponteareas	42	36042A00100876
Ponteareas	42	36042A00100877
Ponteareas	42	36042A00100878
Ponteareas	42	36042A00100879
Ponteareas	42	36042A00100880
Ponteareas	42	36042A00100881
Ponteareas	42	36042A00100882
Ponteareas	42	36042A00100883
Ponteareas	42	36042A00100884
Ponteareas	42	36042A00100885
Ponteareas	42	36042A00100886
Ponteareas	42	36042A00100887
Ponteareas	42	36042A00100888
Ponteareas	42	36042A00100889
Ponteareas	42	36042A00100890
Ponteareas	42	36042A00100893
Ponteareas	42	36042A00100920
Ponteareas	42	36042A00100921
Ponteareas	42	36042A00100922
Ponteareas	42	36042A00100923
Ponteareas	42	36042A00100924
Ponteareas	42	36042A00100925
Ponteareas	42	36042A00100926
Ponteareas	42	36042A00100927
Ponteareas	42	36042A00100928
Ponteareas	42	36042A00101506
Ponteareas	42	36042A00101507

CVE-DOG: 5bz9mgb4-ysy1-n6k5-hze9-unwhpkc9ejf6



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
Ponteareas	42	36042A00101508
Ponteareas	42	36042A00101509
Ponteareas	42	36042A00101510
Ponteareas	42	36042A00101511
Ponteareas	42	36042A00101791
Ponteareas	42	36042A00101900
Ponteareas	42	36042A00101901
Ponteareas	42	36042A00101902
Ponteareas	42	36042A00101903
Ponteareas	42	36042A00101904
Ponteareas	42	36042A00101905
Ponteareas	42	36042A00101906
Ponteareas	42	36042A00101907
Ponteareas	42	36042A00101908
Ponteareas	42	36042A00101909
Ponteareas	42	36042A00101910
Ponteareas	42	36042A00101911
Ponteareas	42	36042A00101912
Ponteareas	42	36042A00101913
Ponteareas	42	36042A00101914
Ponteareas	42	36042A00101915
Ponteareas	42	36042A00101916
Ponteareas	42	36042A00101917
Ponteareas	42	36042A00101918
Ponteareas	42	36042A00101919
Ponteareas	42	36042A00101920
Ponteareas	42	36042A00101921
Ponteareas	42	36042A00101922
Ponteareas	42	36042A00101923
Ponteareas	42	36042A00101924
Ponteareas	42	36042A00200147
Ponteareas	42	36042A00200150
Ponteareas	42	36042A00200151

CVE-DOG: 5bz9mgb4-ysy1-n6k5-hze9-unwhpkc9ejf6



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
Ponteareas	42	36042A00200152
Ponteareas	42	36042A00200153
Ponteareas	42	36042A00200154
Ponteareas	42	36042A00200159
Ponteareas	42	36042A00200160
Ponteareas	42	36042A00200161
Ponteareas	42	36042A00200162
Ponteareas	42	36042A00200163
Ponteareas	42	36042A00200164
Ponteareas	42	36042A00200165
Ponteareas	42	36042A00200166
Ponteareas	42	36042A00200167
Ponteareas	42	36042A00200168
Ponteareas	42	36042A00200169
Ponteareas	42	36042A00200170
Ponteareas	42	36042A00200171
Ponteareas	42	36042A00200172
Ponteareas	42	36042A00200174
Ponteareas	42	36042A00200175
Ponteareas	42	36042A00200176
Ponteareas	42	36042A00200177
Ponteareas	42	36042A00200178
Ponteareas	42	36042A00200179
Ponteareas	42	36042A00200180
Ponteareas	42	36042A00200181
Ponteareas	42	36042A00200182
Ponteareas	42	36042A00200189
Ponteareas	42	36042A00200190
Ponteareas	42	36042A00200191
Ponteareas	42	36042A00200192
Ponteareas	42	36042A00200248
Ponteareas	42	36042A00200249
Ponteareas	42	36042A00200251



Concello	Código concello	Referencia catastral da parcela
Ponteareas	42	36042A00200252
Ponteareas	42	36042A00200253
Ponteareas	42	36042A00200254
Ponteareas	42	36042A00200255
Ponteareas	42	36042A00200256
Ponteareas	42	36042A00200268
Ponteareas	42	36042A00200321
Ponteareas	42	36042A00200322
Ponteareas	42	36042A00208250
Ponteareas	42	36042A01100451
Ponteareas	42	36042A01100455
Ponteareas	42	36042A01100456
Ponteareas	42	36042A01100457
Ponteareas	42	36042A01100458
Ponteareas	42	36042A01100459
Ponteareas	42	36042A01100468
Ponteareas	42	36042A01100469
Salvaterra de Miño	50	36050A12400034
Salvaterra de Miño	50	36050A12400035
Salvaterra de Miño	50	36050A12400036
Salvaterra de Miño	50	36050A12400037
Salvaterra de Miño	50	36050A12400137
Salvaterra de Miño	50	36050A12400164
Salvaterra de Miño	50	36050A12400165
Salvaterra de Miño	50	36050A12400166
Salvaterra de Miño	50	36050A12400167
Salvaterra de Miño	50	36050A12400168
Salvaterra de Miño	50	36050A12400208
Tui	55	36055A01000170
Tui	55	36055A01000250
Tui	55	36055A01000251
Tui	55	36055A01000258



ANEXO IV

Figura 1. Mapa das zonas demarcadas de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nematodo do piñeiro)
